

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria do 17.12.2018, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de municipio turístico do Concello de Pantón:

“ANTECEDENTES

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu o expediente relativo á declaración de municipio turístico do concello de Pantón, para a emisión do preceptivo informe do Consello do Turismo de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud de declaración
- Certificado do acordo do Pleno do concello solicitando a declaración de municipio turístico
- Padrón municipal
- Certificados do secretario do concello sobre o número de visitantes e os aloxamentos turísticos do concello, así como sobre os servizos municipais.
- Informe da Área provincial de Lugo da Axencia Turismo de Galicia
- Informe da Subdirección Xeral de Residuos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
- Informe da Dirección Xeral de Administración Local
- Informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Informe da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural
- Informe da Subdirección xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Consellería de Sanidade

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- Informe do Departamento de Sociedade Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Informe da Deputación Provincial de Lugo

CONSIDERACIÓNS

I. Competencia

Emítese este informe sobre a declaración do **Concello de Pantón** como municipio turístico, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico.

II. Marco xurídico

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula nos artigos 27 a 30, a declaración de municipios turísticos, os servizos mínimos destes, así como os efectos da citada declaración e a perda da condición de municipio turístico, remitíndose a un posterior desenvolvemento por vía regulamentaria do previsto naqueles.

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico. Así, o artigo 5 do dito decreto establece os requisitos e servizos mínimos para a declaración de municipio turístico, mentres que o artigo 6 establece os elementos de valoración.

III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 do decreto 32/2015, do 19 de febreiro.

De acordo coa instrución para o cálculo dos criterios establecidos na Lei 7/2011 e no Decreto 32/2015, as cifras calculadas pola Área de Estudos e Investigación de Turismo de Galicia presentan os seguintes resultados:

Que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños:

Considerando que no ano 2016 o municipio de Pantón rexistrou algo máis de 120.000 pernoctacións turísticas (cifra que se traduce nunha media mensual de case 8.900), e tendo en conta que o volume de poboación residente segundo o padrón Municipal de 2016 é de 2.620 persoas, enténdese que o concello de Pantón cumpre co requisito de que media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños.

Que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de veciños/as.

Segundo o informe da Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia, o total de prazas de aloxamento turístico dispoñible no concello de Pantón é case dobre do volume de poboación residente. Cumpre, por tanto, o segundo criterio establecido.

Que acredite contar, dentro do seu territorio, con algún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida, cando menos, en máis de trinta días.

Entre todos os recursos mencionados polo Concello, os máis destacados son os seguintes:

- Mosteiro Cisterciense de Ferreira
- Balneario Oca Augasantas.

O número de visitantes segundo o concello do Mosteiro Cisterciense de Ferreira é de 13.546, repartidos en mais de 30 días, o que respecto dos 2.620 habitantes, supón que a cantidade de visitantes é superior a cinco veces a súa poboación, sendo estes datos suficientes para acreditar estas cifras.

O mesmo sucede coa cantidade de estancias habidas no Balneario Oca Augas Santas. Certifican 57.340 estancias ao longo do ano 2016, o que repartidos en mais de 30 días e respecto dos 2.620 habitantes, supón que a cantidade de visitantes tamén é superior a cinco veces a súa poboación.

De acordo con todo o anterior, pódese concluír que o Concello de Pantón reúne os requisitos esixidos no artigo 5.1 do Decreto 32/2015, do 19 de febreiro. Así mesmo, xustificou adecuadamente os requisitos dos servizos establecidos no artigo 28 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

2. Servizos mínimos dos municipios turísticos:

a) A protección da salubridade pública e da hixiene en todo o territorio municipal, incluídas praias e costas: segundo certificación do técnico municipal como medidas destacables en materia de salubridade pública destácase o lavado de colectores de lixo, baldeado de rúas e limpeza extraordinaria de edificios públicos e datas sinaladas como pode ser a feira do viño.

b) A protección civil e a seguranza cidadá: O informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior recolle que *“o Concello de Pantón non conta con corpo de Policía Local, non estando tampouco obrigado legalmente polo número actual de habitantes. Tampouco conta con Agrupación de Voluntarios de Protección civil. No que respecta ao corpo de bombeiros non existe no concello de Pantón, pero está integrado no grupo de concellos aos que da servizo o Parque de bombeiros de Monforte de Lemos”*.

c) A promoción e a protección dos recursos turísticos do concello: O concello de Pantón a través dos instrumentos de que dispón e o ordenamento xurídico vén realizando diferentes documentos de definición e delimitación, protección e recuperación dos elementos históricos, espazos municipais, edificios, elementos e paisaxes, actuando tamén no entramado social que conforma o seu patrimonio cultural.

O concello de Pantón carece de planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da Lei 9/2002. Conta con dous núcleos rurais históricos tradicionais que son o núcleo rural de Segúin e de Tribás-San Martiño. A suma dos edificios singulares comprendidos dentro da estrutura urbana, conforman unha unidade ademais doutros elementos singulares que estando fóra do límite urbano son obxecto de protección específica. Entre as medidas para a conservación do patrimonio cultural destacan a extensión e enlace de espazos libres aumentando os valores ecolóxicos, impulso de novos percorridos e itinerarios, articulación de espazos verdes, cualificación dos bordes do concello, tratamento de ruínas e espazos desgastados, etc.

No tocante á promoción presentan edición de folletos divulgativos tanto do románico que hai no concello como dos distintos roteiros de senderismo existentes no concello: Ruta da Curuxeira, Ruta a Cruz, Ruta Cibrisqueiros a San Cosmede e Ruta da Ribeira Sacra do Miño.

O concello de Pantón está incluído no Consorcio Turismo Ribeira Sacra, declarada Ben de Interese Cultural coa categoría de paisaxe cultural e en fase de declaración de Patrimonio Mundial de la UNESCO.

É de destacar as igrexas románicas de Pantón, que formaron parte de mosteiros que tiveron a súa orixe na Idade Media. A situación xeográfica deste municipio, bañado polos ríos Cabe, Sil e Miño, favoreceu asentamentos relixiosos no seu territorio. As igrexas son, na súa maioría, de pequeno tamaño, pero conservan unha gran riqueza escultórica e importantes pinturas murais.

De todos os mosteiros medievais, só perdurou a vida relixiosa activa no mosteiro cisterciense do Divino Salvador de Ferreira de Pantón.

Ademais do importante patrimonio románico que atesoura o Concello de Ferreira de Pantón (mosteiro cisterciense do Divino Salvador, igrexas de san Miguel de Eiré, Santo Estevo de Arán, San Vicente de Pombeiro, San Fiz de Cangas, ...), tamén atopamos nel destacados expoñentes de arquitectura civil (casa de Uxío Novoneyra) e militar, ademais de mámoas, castros, covas e outros exemplos dun importante patrimonio arqueolóxico.

Pantón dispón ademais doutros importantes recursos turísticos, como as diversas rutas que percorren o concello (por terra e auga) e dunha descatable oferta de turismo cultural (Ruta do Románico, Feira do Viño, Entroido, así como diversas romarías e feiras).

d) A sinalización turística e a de información xeral: Segundo informe do técnico municipal, e unha vez consultado co departamento de Cultura do Concello, ditamínase que os elementos e sinais turísticos situados dende a entrada en vigor do Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia, axústase ao disposto no mesmo.

e) A atención e orientación as usuarias e usuarios turísticos, mediante unha oficina de información que deberá estar aberta todo o ano e contar con persoal cualificado para desempeñar esta tarefa: Segundo certificado da secretaria interventora do concello “*este concello conta cunha oficina de información turística aberta ao público todo o ano*”.

f) A posta á disposición das usuarias e dos usuarios turísticos dun servizo de acceso á internet, de utilización momentánea, na oficina de información turísticas ou noutros puntos de consulta abertos ao público: Informan que a devandita oficina conta con conexión e servizo de internet con seis equipos e wifi todo elo de acceso público.

g) As funcións ambientais que lles correspondan de acordo coa normativa sectorial: En canto ó patrimonio natural existente no concello en relación sobre todo ás zonas

afectadas pola rede natura 2000, tanto no LIC CABE coma no LIC SIL promóvense medidas para preservar estes espazos naturais a través da conservación e restauración da paisaxe da ribeira garantindo a rexeneración das áreas degradadas así como favorecer os ecosistemas forestais climáticos integrando a súa xestión, a conservación da diversidade dos recursos biolóxicos, así coma dos hábitats de interese comunitario, fomentar o desenvolvemento dun uso público baseado fundamentalmente en actividades ligadas a educación, a interpretación ambiental e a recreación na natureza, entre outras.

h) O desenvolvemento das políticas activas en infraestruturas e urbanismo para favorecer contornos agradables e turisticamente atractivos, especialmente nos núcleos históricos, conservando os tipos arquitectónicos galegos.

En relación ó patrimonio natural existente no Concello destaca o acondicionamento dos accesos aos miradoiros da Pena Pombeira e da Cruz para permitir unha accesibilidade adecuada a ambos miradoiros, e o acceso á Fervenza de Augacaída.

Levou a cabo o acondicionamento da Travesía da Rúa Ourense, Manuel María, praza do Concello e Rúa do Xeral Ramón Fernández Núñez, que consistiu en determinadas actuacións necesarias para a humanización de parte do núcleo urbano de Ferreira de Pantón.

Destacouse a mellora no equipamento urbano; en concreto en módulos para parques infantís, bancos e biosaudables.

O concello manifesta de que o está a levar a cabo numerosas actuacións tendentes a mellora de espazos públicos urbanizados e as áreas de uso peonil, condicións xerais do itinerario peonil accesible, áreas de estancia, elementos de urbanización, cruces entre itinerarios peonís e vehiculares, condicións xerais da urbanización dos frontes das parcelas, mobiliario urbano, elementos vinculados ó transporte, condicións xerais das obras e intervencións na vía pública, sinalización e comunicación sensorial.

3. Criterios de valoración

Para a valoración desta solicitude tivéronse en conta os seguintes aspectos:

1. A existencia dun instrumento de planificación turística aprobado polo pleno do concello.
2. A publicación de catálogos que identifiquen os elementos que, polos seus valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos, arqueolóxicos, tradicionais, etnográficos ou paisaxísticos se considere conveniente conservar, mellorar ou recuperar como potenciadores dun desenvolvemento turístico endóxico e sustentable ou como recursos turísticos susceptibles de poñer en valor de cara á configuración de produtos turísticos diversificados: na documentación xustificativa xúntanse un informe de recursos turísticos do concello.
3. A existencia dunha oficina de atención aos/ás consumidores/as e usuarios/as en que se informe debidamente dos dereitos que posúen na súa condición de usuarios/as de produtos ou servizos turísticos e que se recollen na vixente Lei 7/2011, do 27 de outubro: o concello comprobeuse á apertura dunha oficina na que se preste a información en materia de turismo á que se refire o artigo 6.3 do Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, e nas condicións neste previstas.
4. O deseño e colaboración con administracións e entidades públicas e privadas en accións de formación para os/as profesionais do sector no termo municipal. Presentan certificado conforme o persoal deste sector participou en cursos de formación organizados por outras administracións ou organismos públicos como o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, o Plan Leader, a ruta do viño da Ribeira Sacra ou mesmo a UNED. Dende o concello de Pantón facilítaselles que poidan ampliar e actualizar a súa formación asistindo a todos os cursos que se organicen e estean relacionados co sector turístico.

Valóranse positivamente estes elementos e se estima a declaración de Pantón como municipio de interese turístico en atención ao importante patrimonio histórico -sobre todo románico- que atesoura o concello, así como á súa propia morfoloxía e localización como un dos concellos integrantes da Ribeira Sacra; elementos que supoñen o seu principal reclamo.

Neste sentido, considérase pertinente a declaración do Concello de Pantón como municipio de interese turístico de Galicia, toda vez que a dita declaración contribuirá ao seu desenvolvemento económico e social e suporá unha posta en valor dos recursos turísticos da zona e de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia, propón,

INFORMAR

Favorablemente a declaración como municipio turístico do Concello de Pantón”.